

## ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

**DATA DE** 03/11/2023

**ENVÍO:**

**TIPOLOXÍA:** VENTO E CHOIVA

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

### NIVEL DE ALERTA: LARANXA

A Axencia Estatal de Meteoroloxía, AEMET, informa no boletín 85/71GAL\_C\_C\_RN\_TT dun FMA por CHOIVAS nivel LARANXA, que afectará ao Interior de Pontevedra a partir da medianoite do día de hoxe, podendo acadar máis de 100 mm en 12 horas. Nas demáis zonas da comunidade se acadará nivel AMARELO, con acumulados da orde de 40 mm en 12 horas.

Así mesmo, a partir da mañá do día 4, se espera VENTO nivel LARANXA, con refachos de máis de 100 km/h na provincia de A Coruña, Lugo (A Mariña) Ourense (Valdeorras) e Pontevedra (Interior). Nas demáis zonas da comunidade os ventos acadarán nivel AMARELO, de ata 80 km/h.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: ADOPTEN as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, ALERTEN ou MOBILICEN aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: [www.aemet.es](http://www.aemet.es), do CIAE 112: [www.axega112.gal](http://www.axega112.gal), e de Meteogalicia: [www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)